

BACURAU

[Kleber Mendonça Filho e Juliano Dornelles, 2019
Brasil, 130 min., VOSE, +18]

Lingua **Portugués, inglés**

Dirección e guión **Kleber Mendonça Filho, Juliano Dornelles**

Fotografía **Pedro Sotero**

Montaxe **Eduardo Serrano**

Son **Nicolas Hallet**

Música **Mateus Alves, Tomaz Alves de Souza**

Elenco **Udo Kier, Sonia Braga, Jonny Mars, Chris Doubek, Karine Teles, Alli Willow, Brian Townes, Antonio Saboia, Barbara Colen, Julia Marie Peterson, Silvero Pereira**

Produtora **CinemaScópio Produções, SBS Films, Símio Filmes, Arte France Cinéma**

Distribución **Vitrine Filmes**

Bacurau, poboado ficticio situado no Sertão pernambucano e foco de resistencia nun futuro distópico. A veciñanza chora a morte da súa matriarca Carmelita e descobre que a súa aldea está a ser borrada do mapa. Cando comezan a acontecer unha serie de misteriosos asasinatos, a comunidade organízase e deféndese.

Premio do Xurado en Cannes 2019 | Mellor Dirección en Sitges 2019

VINDEIRAS SESIÓNS

Martes 10 **SALA DE PROFESORES**

(Ilker Çatak, 2023, Alemaña, 96 min., VOSE)

Martes 17 **O MAL NON EXISTE**

(Ryūsuke Hamaguchi, 2023, Xapón, 106 min., VOSE)

Luns 23 **RETRATOS FANTASMA**

(Kleber Mendonça Filho, 2023, Brasil, 93 min., VOSE)

Martes 24 **O CEO VERMELLO**

(Christian Petzold, 2023, Alemaña, 102 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



Concello
de Pontevedra



FEDERACIÓN DE
CINECLUBES
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



BACURAU

KLEBER MENDONÇA FILHO
JULIANO DORNELLES

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA A **KLEBER MENDOÇA E JULIANO DORNELLES**

Por Manu Yáñez

A que fai referencia a palabra *bacurau*, ademais de darlle nome á aldea en que transcorre o seu filme?

(K.M.) *Bacurau* é unha palabra do argot brasileiro coa que nos referimos ao último autobús da liña regular, que adoita saír cara á 1 da madrugada. Cando eramos novos, anos antes de existir o Uber, todos corriamos á procura do *bacurau*. É tamén o nome dun paxaro brasileiro moi peculiar e interesante, que está sempre agochado e só se deixa ver ocasionalmente polas noites. É unha actitude bastante semellante á da comunidade que protagoniza o noso filme. Por exemplo, cando aparece o alcalde da cidade, todos se agochan no interior das casas.

Que lles impulsou a contar a historia dunha pequena comunidade do Brasil rural ameazada por forzas externas?

(K.M.) Queríamos dirixir un wéstern de aventuras moi potente sobre o xeito en que as instancias do poder se infiltran ata nos lugares máis remotos. E, claro, se pensas no poder, é inevitable pensar en EE UU. Tamén queríamos facer un filme que lles rendese homenaxe aos filmes que nos gustan. É tamén debo recoñecer que o éxito internacional de *Dona Clara* incitou a miña ambición de me enlevar nunha produción máis grande. En comparación cos filmes de Hollywood, *Bacurau* pode parecer algo humilde, mais para os estándares do cinema brasileiro unha produción de dous millóns de dólares non é pouca cousa. Quería facer un tipo de película de xénero que non adoita facerse no Brasil, aínda que o imaxinario brasileiro está por todas partes no filme: as súas tensións, as súas contradicións.

(J.D.) Con *Bacurau* quixemos facerlle xustiza a unha xente que semella non ter lugar no cinema brasileiro contemporáneo. No ano 2009, presentamos nun festival en Brasilia unha curtametraxe dirixida por Kleber e producida por min titulada *Recife Frio*. Alí vimos unha morea de documentais que presentaban a realidade do Brasil rural desde unha perspectiva exótica. No noso país existe unha certa tendencia a abordar a marxinação e a pobreza a través de documentais benintencionados mais moi paternalistas, cando non directamente miserabilistas. Con *Bacurau* quixemos inverter os termos desa ecuación. No noso filme, é a xente do Brasil rural a que mira con desdén a arrogancia e simpleza da xente urbanita.

(K.M.) A cuestión é que nós somos de Recife, ao noreste do Brasil. Hai unha enorme fenda cultural entre o noreste e o sur do país, onde están Rio de Janeiro e São Paulo, onde están os cartos. Con *Bacurau* quixemos representar a forza e dignidade do noso pobo sen caer no paternalismo, e tamén quixemos retratar as tensións internas do país. Interésanme moito os dous personaxes brasileiros que

van en moto e colaboran cos agresores estranxeiros. Estes personaxes están baseados nas miñas lecturas sobre a invasión da Unión Soviética por parte dos nazis durante a II Guerra Mundial. En certas zonas, como Ucraína, xurdiron grupos de xente que colaborou cos nazis e que tiveron un rol moi sinistro na guerra.

O filme contén un festín de referencias cinéfilas. Poderían falar un pouco da relación de *Bacurau* coa historia do cine?

(K.M.) No meu caso, o referente de John Carpenter é ineludible.

(J.D.) As referencias son tantas que non sabería por onde comezar. Escribimos o guión en 8 meses e sempre que nos bloqueabamos poñíamonos un filme para inspirarnos. Lembro que nos impactou moitísimo *Os compañeiros* (1970), o spaghetti wéstern de Sergio Corbucci, con Franco Nero e Tomas Milian.

(K.M.) Inspirounos a sucidade e rudeza dese wéstern. Ademais, con *Bacurau*, quixemos subverter a orde natural da maioría do cine que se fai, no que os heroes adoitan ser americanos brancos. No noso filme, os americanos son os invasores, os responsables das maiores atrocidades.

(J.D.) Esforzámonos por non mostrar os americanos como eles adoitan facer cos indios nos wésterns. No wéstern ianqui, os indios adoitan aparecer de lonxe, entoando berros de guerra. Nós mostramos os viláns americanos de preto. Escoitámolos. Ofrecémoslles un lugar no filme.

A caza de humanos, presente no seu filme, é unha idea recorrente do cine distópico. Como se lles ocorreu xogar esta carta no filme?

(J.D.) Lemos un artigo sobre soldados que, en Afganistán, comezaron a competir para ver quen mataba máis inimigos.

(K.M.) Non é nada novo. Só hai que pensar no que ocorreu no Congo belga, na Guerra de Bosnia, con Hernán Cortés en México. Durante a escrita do guión, tivemos moito coidado á hora de non revelar as intencións específicas do escuadrón ianqui. Hai certas pistas, contadas. Están as ordes que reciben a través do sistema de radio. Teño que dicir que a violencia da presenza estranxeira no Brasil tomou moitas formas ao longo da nosa historia. Lembro que nos 80 e 90 en Recife era habitual ver turistas alemáns e holandeses que ían para estar con mozas moi novas. Era impactante velos na praia ou nas rúas da cidade paseando impunemente collidos da man destas nenas. Non me atrevería a dicir que isto inspirou *Bacurau*, mais é unha experiencia persoal que marcou a miña visión do mundo.